



## ANUNCIO

**Expte. 2022/E001/000012**

### **NOMEAMENTO CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE UN ALBANEL (OFICIAL DE SEGUNDA) A TRAVÉS DO INEM.**

Por decreto de Alcaldía núm. 346/2022 de data 08.07.22, resolveuse o nomeamento da contratación laboral temporal de un abanel a través do INEM; sendo o contido literal do decreto o seguinte:

#### **“DECRETO DA ALCALDIA PRESIDENCIA**

**Expte. Administrativo: 2022/E001/000012**

**Asunto: Nomeamento contratación laboral temporal de un albanel (oficial de segunda) en réxime laboral temporal.**

O Concello de Valdoviño tramitou expediente para tramitar a contratación laboral temporal dun albanel (oficial de segunda) e 6 peóns ordinarios, a través de oposición libre (Expte. 2022/E001/000008).

Vista a contratación antedita, o albanel nomeado, dona Benigna Brocos Fraguela, presenta a súa renuncia co núm. de rexistro 202299900001017 de data 28.06.2022., vólvese a ofertar outro procedemento de contratación laboral temporal de un albanel (oficial de segunda) a través do INEM. Despois da providencia de Alcaldía expresando a necesidade de prestar este servizo, o alcalde mediante decreto nº 317/2022 de data 29.06.2022 aproba a convocatoria e bases da antedita selección.

Recibidos os curricullums vitae a través do INEM de Miguel Fonticoba Muíño, Erik López Puentes, Brais Pita Fernández, Juan Antonio PrimuyPena, Miguel Agustín Rey Salgado, Rosendo Rodrigo Salido Fernández e Jose Ramón Cendán.; convócaselles mediante decreto 333/2022 de data 05.11.2022 para o desenvolvemento da proba práctica o xoves 07.07.2022 na nave de Maquinaria de Mourente, Valdoviño, ás 12 horas que consistiu en facer unha arqueta de medidas 24X24X25 cm. de alto, empregando ladrillo cerámico de 6X12X24 e outorgando un tempo de 7 minutos para a súa realización.

Vista o acta da dita reunión con proposta para a contratación efectuada ao órgano de contratación.

Esta Alcaldía visto o expediente tramitado, coa documentación que contén, en virtude das facultades que ten outorgadas no artigo 21.1.h) da Lei 7/1985 de 2 de abril, e normativa concordante na materia, RESOLVE:

**PRIMEIRO.**- Tomar razón e aceptar a proposta efectuada polo Tribunal Cualificador na súa sesión do 7 de xullo e propoñer ao aspirante don Fonticoba Muíño, Miguel , efectuando a contratación que figura na mesma, e que ten o seguinte contido literal :

**“Primeiro.**- Presentar a alcaldía o resultado do proceso de selección e aprobación do mesmo , conforme ao seguinte resultado:

- Fonticoba Muíño, Miguel.- 7 puntos .-APTO
- Rey Salgado, Miguel Agustín - 6 puntos -APTO
- Rozados Cendán, Jse Rmaón.- 5 puntos - APTO
- Rodrigo Saldo Fernández, Rosendo.- 4 puntos.- NON APTO

**Segundo.- PROPOÑER** ao órgano de contratación que o aspirante don FONTICOPA MUIÑO, MIGUEL sexa contratado en réxime laboral temporal como albanel (oficial de segunda) motivado en ter acadado a maior puntuación, contratación que se levará a cabo nos términos que recollen as bases da convocatoria aprobadas por decreto de Alcaldía nº 371/2022 de 29.06.22 e as bases da subvención da Deputación Provincial da Coruña (líña 1.1 PEL CONCELLOS 2022).

**Terceiro.**- Propoñer coma persoal de reserva aos outros 2 aspirantes que superaron a oposición e na orde dos puntos obtidos

1º reserva.- REY SALGADO , MIGUEL AGUSTIN

2º reserva- ROZADOS CENDÁN, JOSÉ RAMÓN.”

**SEGUNDO.**- O albanel proposto don Fonticoba Muíño, Miguel; dentro dos TRES DÍAS HÁBILES seguintes ao da súa notificación de proposta de nomeamento deberá achegar para poder ser contratado a documentación a que fai referencia a base oitava.

- Fotocopia da tarxeta sanitaria
- Certificado de número de conta bancaria
- Informe médico acreditativo da capacidade funcional par o desenvolvemento das tarefas do posto.
- Declaración xurada de non ter concorrer nas causas de incompatibilidade ou prohibición para ser empregado público.
- Documentación acreditativa da situación de exclusión social.

**TERCEIRO.**- Unha vez presentada polo interesado a documentación antedita no punto segundo, entenderase cumpridos os trámites e procederáse á contratación dos mesmos sen necesidade de nova resolución do órgano de contratación (Alcaldía); a efectos de axilizar os trámites.

**CUARTO** As ditas contratacións faranse conforme ao estipulado nas normas da subvención e nas bases da convocatoria (modalidade laboral temporal, segundo o disposto no artigo 15.2 do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores. O tipo de contrato irá vinculado a programas de activación para o emprego, conforme á disposición adicional 9, do Real Decreto Legislativo 3/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Emprego.

A duración do contrato é dende A DATA DA FIRMA DO CONTRATO ATA O 11.12.2022, 62,5% DA XORNADA.

O horario distribuirase segundo as necesidades e organización dos servizos municipais de luns a domingo.

---

As retribucións brutas mensuais do albanel oficial de segunda ascenderán a 1.225€ ,  
paga extra prorrateada.

**QUINTO.-** Dar traslado da presente Resolución ao negociado de Persoal e da  
Intervención municipal aos efectos de formalizar o contrato correspondente coas  
persoas seleccionadas.

**SEXTO.-** Da presente Resolución darase conta ao Pleno da Corporación na primeira  
sesión que éste celebre.

ASINADO ELECTRONICAMENTE POLO SR ALCALDE NA DATA INDICADA Á MARXE”

O que se fai público para xeral coñecemento.

En Valdoviño, na data indicada á marxe.

O alcalde, Alberto González Fernández.

ASINADO ELECTRONICAMENTE POLO SR ALCALDE ASINDADO NA DATA  
INDICADA A MARXE

CVD: FLWuSnTfvsFKNwCmTtGx  
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

